



NOTA DE PRENSA 02.04.09

A APDR RECURRE DIANTE DO SUPREMO A DECISIÓN DO TSXG DE DESESTIMAR O SEU RECURSO CONTRA O ACORDO DO CONSELLO DA XUNTA POLO QUE SE APROBOU O PROXECTO SECTORIAL DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL DO GRUPO ENCE.

A Asociación Pola Defensa da Ría ven de presentar recurso de casación diante do Tribunal Supremo ao non concordar coa decisión do TSXG que ten desestimado o seu recurso contra a aprobación polo Consello da Xunta de Galicia do "Proxecto Sectorial de Incidencia Supramunicipal promovido polo Grupo Empresarial ENCE S.A."

Basea o seu recurso a APDR nos seguintes motivos:

1º.- Contrariamente ao argumentado pola Sá do Contencioso do TSXG na sentenza agora recurrida, a APDR entende que existe fraude de lei e abuso de dereito na actuación de ENCE ao incluír a planta depuradora no Proxecto Sectorial, e mesmo no xeito de actuar do goberno galego ao adoptar o acordo de aprobación daquel proxecto incluíndo a antedita depuradora. Entende a APDR que a inclusión da planta de tratamento dos vertidos de ENCE neste proxecto sectorial non ten máis obxectivo que o de tentar salvar o incumprimento dun dos requisitos necesarios para a declaración da incidencia supramunicipal: o asentamento da instalación sobre varios concellos. É evidente que ENCE aséntase tan só no Concello de Pontevedra, na parroquia de Lourizán. Argumenta ENCE que ao ser a depuradora unha obra hidráulica beneficiosa para toda a Ría, toda a instalación sería de ámbito supramunicipal e non precisaría da licenza municipal, pretensión á que a Xunta de Fraga deu o seu visto bo. Para nós, trátase dun falso argumento, pois é de xustiza e de sentido común que todas as empresas –incluída ENCE- están obrigadas a evitar que as súas instalacións contaminen o medio ambiente. Ademais, a planta de tratamento de ENCE conta co seu proxecto visado un ano antes da data que figura no Proxecto Sectorial que nos ocupa, polo que podería continuar a súa tramitación con independencia do chamado "Proxecto Industrial Tisú de Lourizán". É dicir, ENCE pretende instalar en Lourizán unha fábrica de papel tisú, e para fuxir das competencias do Concello de Pontevedra en materia urbanística, inclúe no Proxecto a depuradora para burlar o decreto de incidencia supramunicipal no que fai á necesidade de que as instalacións ás que se lle aplique teñen que asentarse sobre varios concellos.

2º.- Na APDR, consideramos que tanto a Xunta de Galicia como o propio Tribunal infrinxen o disposto nos artigos 9.1 e 9.3 da Constitución Española, que fan referencia ao principio de seguridade xurídica. En efecto, o apartado 4 do acordo da Xunta de Galicia polo que se exime a ENCE da solicitude de licenza e de todo control preventivo municipal non respecta o mentado principio, pois é contrario á disposición adicional primeira da Lei 10/1995 da Comunidade Autónoma que, no seu apartado 2º, di:

"As obras públicas promovidas directamente pola administración pública ou os seus organismos autónomos previstas nun proxecto sectorial e cualificadas como de marcado carácter territorial non estarán suxeitas a licenza municipal". "Non obstante, unha vez aprobados os proxectos das citadas obras públicas, a administración competente lo poñerá en coñecemento dos concellos afectados."

O texto é claro e non admite máis que unha interpretación: só as obras promovidas directamente pola administración pública ou os seus organismos autónomos non estarán suxeitos á licenza municipal e non cabe aplicar tal dispensa ás obras promovidas por unha empresa privada (ENCE neste caso). Ao non entendela así, a sentenza resolve á marxe do principio de seguridade xurídica e contra o artigo 9.1 da Constitución, que di que "os cidadáns e os poderes públicos están suxeitos á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico".

3º.- Para a APDR a sentenza infrinxe tamén o disposto no artigo 127.1 da Lei de Augas ao considerar que a depuradora de ENCE é unha obra hidráulica (aspecto que admite a APDR) que "non esgota a súa funcionalidade no termo municipal no que se atopa", un particular este último que de ningún xeito podemos admitir na Asociación. Pódese argumentar que calquera planta de tratamento de efluentes pode seren beneficiosa para o medio ambiente no seu conxunto, máis alá do lugar no que se sitúa; pero desta circunstancia non se pode desprender –como fai a sentenza- que a súa funcionalidade vaia máis alá do



termo municipal onde se empraza. No caso que nos ocupa, a planta recolle os vertidos das instalacións situadas no complexo industrial de Lourizán, depúraos e vértelos posteriormente á Ría ao través dun emisario. É dicir, a función de depurar realízase só na planta de Lourizán, e os efluentes proceden só de ENCE-ELNOSA, no mesmo concello. Non cabe, xa que logo, a aplicación do artigo denantes referido.

4º.- Na APDR consideramos tamén que o acordo da Xunta de Galicia vulnera o disposto no artigo 140 da Constitución, que fai referencia á autonomía local, xa que non existe ningunha razón para que un proxecto dunha empresa privada escape aos actos de control preventivo do concello e mesmo que non estean suxeitos á licenza municipal.

5º.- Infrínxese tamén o disposto no artigo 9.3 da Constitución sobre publicidade das normas; en efecto, a sentenza considera que non é preciso publicar as normas de carácter xeral contidas no Proxecto Sectorial, un argumento que non podemos compartir na APDR. De feito, as normas de carácter xeral do Proxecto manteñen –no seu artigo nº 3- que as determinacións contidas no Proxecto Sectorial terán forza vinculante para as administracións públicas e para os particulares e prevalecerán sobre as determinacións do Plan Xeral de Ordenamento do Concello de Pontevedra. Si isto é así, sen a publicidade previa das normas, non se pode acordar que o contemplado no acto recurrido terá efectos a partires do día seguinte á publicación no DOG, sen vulnerar o principio de publicidade das normas.

Por estas razóns, a APDR solicita do Tribunal Supremo a revogación da sentenza do TSXG e que se declare nulo o acordo do Consello da Xunta de Galicia e consecuentemente os catro puntos do antedito acordo por non se axustar a dereito.

Pontevedra, 2 de abril de 2009